

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Metodoloxía

O equipo técnico de Alar Galicia realiza unha formación continua e actualizada en materia de servizos sociais, adquirindo e asumindo como propias as técnicas máis innovadoras que permitan levar a cabo o traballo de formación e acompañamento con persoas que se atopen en situación de precariedade así como as máis próximas ao mundo da marxinalidade, poñendo a súa disposición selo de calidade e profesionalidade.

A intervención directa coa persoa:

A/Fase de pre-intervención: En primeiro lugar, se levará a cabo unha primeira sesión co usuario e ca súa familia. Dita sesión poderá ser conxunta ou individual, en función da demanda dos solicitantes. No caso de que o usuario non queira asistir nun primeiro momento, se levarán a cabo as primeiras sesións unicamente coa familia. Nas primeiras sesións se procederá do seguinte modo: **Escoita activa** ante as demandas e necesidades presentadas tanto polo usuario como pola familia. Realización dunha **anamnese** na cal se recollan datos tanto do usuario/a como dos seus familiares principais. Análise do contexto familiar, a través da realización dun **xenograma** no cal figuren todos os membros máis próximos, así como aqueles que se poidan considerar relevantes. **Diagnose sistémico.**

B/Intervención directa: exponse traballar os factores de risco e de protección asociados á conduta suicida, realizando así actuacións indicadas para cada un dos tipos de modalidades de intervención, atendendo en conta que a abordaxe psicoterapéutico recomendado para esta problemática segundo Plan de prevención do suicidio de Galicia pola **Guías de Práctica Clínica (GPC) do SNS (Sistema Nacional de Saúde)** e que en pacientes adultos recoméndanse sesións individuais e contémpnanse as sesións grupais como complemento e en pacientes adolescentes a recomendación é de terapias en formato grupal e específicas.

C/ Contornas próximas: familia e grupos sociais achegados. Traballarase directamente cos familiares e persoas máis próximas do usuario ou usuaria mediante sesións grupais semanais, a través das cales se **tratará** de crear unha contorna empática que propicie a sensación de ser comprendidos e ofrezca unha rede de apoio e información ao respecto.

Traballo cos centros educativos: No ámbito educativo, traballarase tanto cos alumnos como cos profesores, en concreto realizaranse actividades en todos os centros educativos de Galicia, segundo o manual **Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo de Galicia** (Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional).

Prevenición e sensibilización a través de redes sociais como Instagram e Facebook (@alargalicia).